



**ACTA N.º 1/2012**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE XANEIRO DE**  
**2012**

**ASUNTOS**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPACIO NATURAL DE INTERESE LOCAL (ENIL) DO ECOSISTEMA DUNAS PRAIA AMÉRICA-PANXÓN
- I.3.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN VILARIÑO
- I.4.- CESIÓN DO USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ENTIDADES VECIÑAS
- I.5.- APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2012
- I.6.- ASIGNACIÓN DE RECURSOS PROCEDENTES DO DESENVOLVIMENTO URBANÍSTICO DO SAU-9 (PORTO DO MOLLE) AO REMATE DO EDIFICIO CULTURAL-ADMINISTRATIVO

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA e COMUNICACIÓNS
- II.2. ACEPTACIÓN DE CARGO CON DEDICACIÓN
- II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada
- D.<sup>a</sup> Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

----

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data: Xoves, 26 de xaneiro de 2012.*
- *Lugar de celebración: Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán*
- *Carácter da sesión: ordinaria.*
- *Convocatoria: primeira.*
- *Hora de comezo: 10:00*
- *Hora de remate: 12:40*
- *Número legal de membros da Corporación: 17*
- *Número de membros asistentes no momento da constitución: 17*
- *Número membros non asistentes: Ningún*

**Incidencias:**

- a) Alteracións no quórum de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 22 de decembro de 2011.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non producíndose intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 22 de decembro de 2011 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

**I.2.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPACIO NATURAL DE INTERESE LOCAL (ENIL) DO ECOSISTEMA DUNAS PRAIA AMÉRICA-PANXÓN**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xaneiro de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Dende hai anos os espazos ocupados polas dunas adxacentes ás praias de Panxón



e América, veñen sendo obxecto dunha especial atención institucional que propiciou unha notable recuperación dos mesmos así coma da fauna e a flora características , ata o punto de que o proxecto de restauración dese ecosistema resultou premiado no 11 concurso de proxectos para o incremento da biodiversidade (xullo de 2009) outorgado pola Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade, sección da FEMP dedicada á promoción de políticas locais para a conservación e uso sostible da biodiversidade e a conservación do patrimonio natural.

O Concello de Nigrán, entende que é o momento de afondar nesa traxectoria de protección, de forma que a rexeneración física se complemente cunha figura xurídica que garanta a preservación dos valores daquel ámbito.

Neste sentido, a Lei de Galicia n.º 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, contempla, entre as categorías de espazos naturais protexidos, os denominados espazos naturais de interese local (ENIL). Trátase de espazos integrados no termo municipal, que polas súas singularidades sexan merecedoresalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

A competencia para a declaración de espazo natural de interese local corresponde á Comunidade Autónoma , á iniciativa do Concello.

A efectos do previsto no Decreto autonómico 124/2005, de 6 de maio (DOG 23-5), polo que se regula o procedemento de declaración e a xestión de tales espazos, redactouse unha memoria na que se describen as características significativas deste ámbito e que xustifica a concorrencia de valores singulares susceptibles de protección.

Á vista do referido documento e das disposicións aplicables, proponse ao Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

**Primeiro.** Aprobar a referida memoria técnica.

**Segundo.** Solicitar Consellería competente da Xunta de Galicia a declaración como espacio natural de interese local o ámbito do ecosistema dunar Praia América-Panxón, que se delimita na referida memoria.

**Terceiro.** Asumir o compromiso formal de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a proposta de declaración, así como de elaborar o correspondente plan de conservación e de uso público destes espazos."

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Dª. Mª Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada:* Explica as razóns da proposta, no marco das condicións do premio que se recibiu para a execución do proxecto de rexeneración. A protección que se pretende ven a complementar esa iniciativa co fin de preservar os valores naturais da zona. Existe unha memoria técnica descriptiva.

*D. Rubén Rial Sánchez, do grupo socialista:* Apoian a protección das dunas. A memoria non é tecnicamente correcta. Aprécianse nela errores de forma e contido. Non se fai referencia a aspectos relevantes como a limpeza mecánica da praia. O inventario da flora é insuficiente. Non se teñen en conta as actividades nas áreas lindieiras. Restrinxe ao verán a educación ambiental, cando nese momento non hai actividade escolar. Debería incorporarse ao

documento do PXOM. Parece que se actúa de cara á galería. Na práctica fanse actividades na zona que van en contra das dunas, como o caso recente da aterraxe na praia.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Apoia calquera incremento da protección ambiental no Concello. Votarán a favor, aínda que a proposta técnica sexa mellorable. É importante conservar e divulgar.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* É unha boa iniciativa, aínda que haxa aspectos que corrixir.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* Non é serio o que di o PSOE, cando un contencioso anulou o documento que elaboraran na anterior lexislatura. O que se fixo agora foi cumplir o requirido no concurso.

*Sr. Rial Sanchez:* Os erros están no proxecto e non se xustifican polos que se puidesen cometer no pasado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agradece o apoio á proposta. Os autores do traballo son técnicos na materia e é defendible, máis alá dos erros. O proxecto pouco serio foi o que se anulou no contencioso, que incluso incorporaba flora e fauna que non é da zona. O importante é o que se vai facer no futuro, sobre todo no tema de formación a través de eco-escolas ou aulas verdes.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Hai unha proposta de deixalo sobre a mesa para corrixir os erros.

**Votación da petición do grupo Socialista de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeita a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

**Votación e acordo sobre o asunto.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; grupos PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.



### I.3.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN VILARIÑO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xaneiro de 2012 accordou, á vista da moción presentada polo concelleiro Xavier Rodríguez Fernández, dictaminar favorablemente a seguinte proposta que pasa a ser de toda a Comisión Informativa:

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2008 aprobouse, pola entón Dirección Xeral de Obras Públicas, o proxecto de novos ramais de enlace na autoestrada do Val Miñor, AG-57, e en concreto o ramal da Ramallosa, que foi posto en servizo en febreiro de 2010, sen contemplar, en dito proxecto, a situación dos cruces por parte dos peóns.

Como consecuencia disto, suprimiuuse todo tipo de paso e seguridade para os viandantes pola estrada autonómica, o que xera situacións de risco, xa que non hai posibilidade de cruzar a redonda e as entradas/saídas sen expoñerse a sufrir algún tipo de accidente.

Esta situación vese agravada se ternos en conta que na súa proximidade localízanse o IES Escolas Proval ou o centro de saúde do Val Miñor, así como desprazamentos de múltiples persoas que non teñen medios motorizados

Todo isto levou ao BNG, por iniciativa da súa agrupación local, a presentar unha pregunta no Parlamento Galego respondida en marzo do ano pasado, na que se di, literalmente: "Polo de agora aínda non se pode avanzar unha solución óptima, aínda que a Consellería segue a estudar as posibilidades de mellorar a seguridade dos peóns". Ao mesmo tempo rexistrouse unha proposición non de lei que, tras eliminar a referencia temporal que se recollía na proposta orixinal, acadou a unanimidade do Parlamento en xuño deste ano pasado.

Non obstante, pese a ser instada polo Parlamento Galego, a día de hoxe non se coñece actuación algúnhha por parte da Consellería ao respecto.

Por isto propoñémoslle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Nigrán insta ao Goberno galego a:

- 1.- Realizar o estudo e proxecto construtivo necesario para facilitar o cruzamento peonil da rotunda situada na intersección da Autoestrada do Val Miñor e a PO 340, no lugar de Vilariño.
- 2.- Establecer as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria, tanto de transeúntes como automobilistas na PO-340, nomeadamente no seu cruzamento coa AG-57.
- 3.- Promover as accións necesarias para que estas medidas estean implantadas no primeiro semestre do 2012."

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Hai catro anos aprobáronse novos enlaces da autoestrada do Miñor e hai dous anos entraron en funcionamento. Na zona de Vilariño non se contemplou o paso peonil na estrada Ramallosa-Gondomar. O peón ten que incumprir as normas de circulación para poder pasar. Xa se presentaron varias iniciativas parlamentarias. O Parlamento galego en 2011 pediu á Consellería que actuara. Trátase agora de instar á Consellería que o faga lembrándolle a iniciativa parlamentaria aprobada.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Parece que estes problemas non van ter solución. Xa na época do goberno municipal do PSOE se puxo en coñecemento da Consellería esta cuestión e pediuse a adopción de medidas. Tamén se lle pediu a Autoestradas. Apoiarán a proposta. Pide ao goberno municipal que faga o posible para que isto se solucione.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* A moción foi asumida por todos os grupos na Comisión. El tamén se une á mesma e propón unha emenda consistente en engadir ao un punto 4, sobre a seguridade no acceso IES Escolas Proval.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta é interesante. A preocupación do seu grupo sempre estivo clara. Parece que a emenda proposta tamén é interesante. Hai dúbidas técnicas sobre a forma de deseñar nesa zona un paso de peóns. Os responsables da Xunta van emitir un ditame sobre tal posibilidade.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A emenda podería ser engadir no punto 2 o seguinte: "e no acceso ao IES Escolas Proval".

*Sr. Fernández Comesaña:* Tratábase de resaltar a cuestión do IES, pero non ten inconveniente en que se faga deste último xeito.

*Sr. González Pérez:* Conforme coa emenda.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os bipartitos de Nigrán e da Xunta de Galicia puideron facelo.

**Votación e acordo.** - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; grupos PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada o Pleno do Concello aproba a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, co seguinte engadido ao final do apartado 2 da parte dispositiva: *e no acceso ao IES "Escolas PROVAL"*. En consecuencia, acórdase instar ao Goberno galego a:

- 1.- Realizar o estudio e proxecto construtivo necesario para facilitar o cruzamento peonil da rotonda situada na intersección da Autoestrada do Val Miñor e a PO 340, no lugar de Vilariño.
- 2.- Establecer as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria, tanto de transeúntes como automobilistas na PO-340, nomeadamente no seu cruzamento coa



AG-57, e no acceso ao IES "Escolas PROVAL"

3.- Promover as accións necesarias para que estas medidas estean implantadas no primeiro semestre do 2012.

#### I.4.- CESIÓN DO USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ENTIDADES VECIÑAIS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xaneiro de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción da Concelleira de Educación e Persoal:

O pasado 30 de Marzo de 2011 aprobouse no pleno da corporación moción sobre a cesión a entidades veciñais do uso de locais propiedade do concello. Nesa moción se incluía e se aprobou a formalización de convenios con ditas entidades veciñais para a regulación de usos das antigas escolas de Chandebrito, A Porqueira e Ceán.

O longo dos últimos meses recibíronse varias peticións por parte de diferentes e diversas asociacións ou colectivos veciñais, realizadas tanto verbalmente como por escrito, para que dende o Concello de Nigrán se lles cedese o uso de instalacións municipais que tiñan un uso, neste caso educativo, e que na actualidade están desocupadas.

Neste sentido, dende a concellería de Educación e Persoal consideramos se dan todas as premisas necesarias para poder ceder o uso das instalacións que a continuación se relacionan co fin que en ditas instalacións públicas se poidan poñer en marcha e realizar actividades por parte dos diferentes colectivos cun obxectivo e un fin de interese para esta administración. De todos modos, para que a utilización destas instalacións sexa nos termos correctos, para dar cumprimento o acordo plenario de marzo de 2011 e para que aquellas entidades ou colectivos veciñais as que se lles adxudique o uso de ditas instalacións públicas saibam cales son as condicións para ocupar os inmobles municipais, en canto fundamentalmente os seus dereitos e obligacións, compre que é necesario a formalización e sinatura dos correspondentes convenios.

Por todo isto a concellería de educación e persoal do concello de Nigrán propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **acordo**:

**ÚNICO:** Aprobar o convenio para a cesión en precario dun local de propiedade municipal para o desenvolvo de actividades que redunden en beneficio da cidadanía a favor de:

- Asociación de Mulleres Rurais de Chandebrito e Asociación Veciñal e Cultural de Chandebrito 1807 - Antigua escola preescolar de Chandebrito (Uso compartido).
- Club columbofilo Pompas Menxaseiras de Nigrán - Casa do mestre das antigas escolas de Mallón (lado dereito)
- Club de Xadrez Iaroca de Nigrán - Casa do mestre das antigas escolas de Mallón (lado esquierdo).

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Dª. Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada:* Explica os antecedentes e a proposta. Os gastos no caso de Chandebrito serían a cargo do Concello, porque a asociación de Mulleres Rurais desenvolverá, entre outras actividades, a de implantar unha biblioteca. Outros locais serían para unha asociación columbófila, e para un club de xadrez. Poderían usarse tamén por outras asociacións.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Trátase de asignar uns locais municipais a proposta do goberno. O fin podería ser interesante, pero no fondo o que se fai é prexudicar a dúas asociacións en Chandebrito, a de montes e a veciñal O Castro. Parece que lles molestan estas asociacións de defensa dos intereses de Chandebrito. Abstéñense polo intento do Alcalde de afogar estas iniciativas.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* A favor de que se favoreza o asociacionismo. Fáltalle na proposta unha convocatoria pública para que as asociacións interesadas pidan ese uso e se lles conceda utilizando criterios obxectivos. Por esta falta de publicidade e de criterios, absterase.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* No acordo do 30 de marzo de 2011 xa se puxo en marcha este proceso. Agora tráese o convenio correspondente. Faltaría un apartado para o convenio coas asociacións non mencionadas naquel acordo.

*Sra. Costas Abalde:* Non se pecha o uso compartido a outras asociacións. En Chandebrito a de montes non é sen ánimo de lucro, e a do Castro ten local.

*Sr. González Pérez:* O local da do Castro, todos coñecemos como está.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O acordo sobre Chandebrito adoptouno o PSOE concedéndolle o local á 1807, agora só se formaliza. O PP pediu que se asinaran os correspondentes convenios. A 1807 de Chandebrito, pediu compartir o local para cubrir gastos. Así xurdiu a iniciativa de implantar alí unha biblioteca. O anterior Alcalde requiriu á asociación O Castro para que abandonase o local. As asociacións ás que se refire o acordo non teñen local. Sería útil facer a convocatoria pública de cara ao futuro. Agora estase executando o acordado naquel pleno.

*Sr. González Pérez:* Non é certo o que di o Alcalde. A proposta de cesión a 1807 foi feita polo grupo nacionalista non adscrito, non polo PSOE, que non estivo de acordo, e si o PP. O Alcalde naquel momento executou o acordo plenario.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O alcalde socialista si requiriu á asociación O Castro para que se fose. A decisión corporativa tomouse no anterior mandato.

*Sr. Fernández Comesaña:* A moción foi dos non adscritos. Agora trátase de formalizar un convenio. E deberíase facer referencia expresa no acordo ás novas cesións, e estender as normas de funcionamento a todos, a través dos correspondentes convenios.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa se fai referencia á cesión do uso na proposta.



*Sr. Fernández Comesaña:* No caso do colectivo de Chandebrito parece que non había unha cesión formal. Ademais pregunta se se fixo un inventario despois do peche da escola.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Algún mobiliario si hai. Pensa que a proposta está xustificada.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.5.- APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2012**

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 23 de xaneiro de 2012, informou favorablemente o expediente da aprobación definitiva do orzamento xeral do exercicio 2012, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a reclamación formulada por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012.

Considerando que os únicos motivos de reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012, no período de exposición ao público do mesmo, son os indicados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), así como no artigo 22.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, en materia de orzamentos (RDO).

Considerando que os motivos indicados na reclamación formulada por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 non están comprendidos en ningún dos tres supostos indicados nos artigos 170.2 da LRFL e 22.2 do RDO.

De conformidade co indicado polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 20 de xaneiro de 2012, referencia T 5/12.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Desestimar integralmente a reclamación formulada ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 por don José Cuevas Raposo o día 17.01.12 (registro de entrada número 556), por non estar comprendidos os motivos da reclamación en ningún dos supostos indicados nos tres apartados do artigo 170.2 da LRFL, e do artigo 22.2 do RDO.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012 nos mesmos termos do acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2011.

**Terceiro.-** Notificar este acordo ao reclamante, indicándolle que contra a aprobación definitiva do orzamento xeral poderase interpor directamente (polos terceiros debidamente lexitimados) recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; non suspendendo por si só a citada interposición a aplicación do orzamento xeral definitivamente aprobado polo Pleno do Concello (artigos 171 da LRFL e 23 do RDO).

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Hai unha alegación dun particular que non cumple os requisitos legais, segundo o informe de Intervención. Isto debe determinar a aprobación definitiva do orzamento.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* O PSOE xa se pronunciou sobre o orzamento, hoxe só se trata da reclamación. Absteranse.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Xa se manfiestou sobre o orzamento no seu dia. Por coherencia votará en contra da aprobación definitiva.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O informe dos servizos económicos é contundente sobre os requisitos necesarios das alegacións. Seguiranse abstendo.

*Alcalde-Presidente:* Non se dan as condicións para admitir a alegación, e polo tanto o orzamento acada a súa aprobación definitiva, agradecendo o traballo feito pola área económica municipal.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 1; do Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 7; PSOE e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

**I.6.- ASIGNACIÓN DE RECURSOS PROCEDENTES DO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO SAU-9 (PORTO DO MOLLE) AO REMATE DO EDIFICIO CULTURAL-ADMINISTRATIVO**



A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 23 de xaneiro de 2012, informa favorablemente o expediente da asignación de recursos procedentes do desenvolvemento urbanístico do SAU-9 (Porto do Molle) ao remate do edificio cultural - administrativo, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Na sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro de 2009 aprobouse a modificación do Convenio subscrito coa Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do S.A.U. 9, Porto do Molle, que xa aprobara tamén o Pleno do Consorcio da Zona Franca o 3 de febreiro de 2009.

No referido Convenio recóllese o compromiso do Consorcio de facer efectiva a cantidade de 4.691.892,5 euros, correspondente ao 50% dos 9.383.785 euros nos que se valora o 10% do aproveitamento municipal na referida actuación.

Segundo o documento aprobado, o Concello investirá a cantidade recibida do Consorcio nalgunha das actuacións previstas legalmente con cargo aos recursos do patrimonio municipal do solo , entre outras, en instalacións deportivas e socio-culturais situadas no Parque, conexión do Parque coa área do litoral e coa estrada de Camos, así como en calquera outro investimento que contribúa á posta en valor e optimice o funcionamento do Parque Empresarial Terciario de Porto do Molle.

En sesión plenaria do 25 de marzo de 2009 afectaronse recursos para, entre outras, a seguinte actuación:

- Edificio cultural e administrativo, destinado á necesaria ampliación da Casa do Concello, que permitirá, ademais, dispor dun espazo para actividades culturais do que se carece na actualidade. O orzamento previsto é de 2.491.972,34 Euros, dos que 820.000,00 Euros son co cargo á subvención da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia da Xunta de Galicia, polo que os recursos afectados serían de 1.671.972,34 Euros.

Resulta necesario rematar as obras correspondentes a este edificio que supoñen 90.337,17 Euros adicionais á cantidade previamente asignada, polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 4/12, de data 20.01.2012, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

**Segundo.-** Afectar recursos procedentes do ingreso correspondente a parte do aproveitamento municipal derivado do desenvolvemento urbanístico do Sector do S.A.U. 9, Porto do Molle, a completar a inversión necesaria para o remate do Edificio Cultural-Administrativo, na cuantía de 90.337,17 Euros.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Repasa os antecedentes de asignacións destes recursos. No desenvolvemento desta obra apareceron circunstancias que fan necesaria esta

acheaga adicional.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Os que tanto criticaron esta iniciativa son os que propoñen isto. É sorprendente esa falta de coherencia. Agora déronse conta da razón que tiña o goberno socialista. O PSOE vai votar a favor. O difícil é saber que vai votar o PP.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Sempre estivo en contra de vender os dereitos derivados do aproveitamento urbanístico. A lexislación restrinxé esta posibilidade. O edificio era unha necesidade. Agora por puro pragmatismo hai que facerlle frente a esta situación. Por ese pragmatismo absterase.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Sorpréndelle a iniciativa do goberno. O PSOE tampouco pode presumir desa aberración urbanística, que pouco vai mellorar a calidade do servizo. Todos os gobiernos utilizaron os aproveitamentos urbanísticos para financiar investimentos. A lei agora non permite isto. O informe do Interventor, no seu día e agora, é contrario. O destino deses recursos para vivenda protexida esquécese. Aínda faltan 4 millóns de euros do segundo 50% de cesión de Zona Franca. Non tiveron a suficiente previsión na redacción do orzamento para darlle cabida a isto. Votarán en contra por razóns de fondo e forma.

*Sr. García Pazos:* O que se trata é de pagar "pufos" do edificio. Pero hai que facer frente ao feito. O PP prefería outros destinos, pero non hai máis remedio que afrontar o feito.

*Sr. González Pérez:* Aquí a incoherencia é destinar para o edificio cartos de Porto do Molle, cando antes estaban en contra. O PSOE é coherente e vota a favor.

*Sr. Fernández Comesaña:* Os reparos son suspensivos, hai que contemplalo na proposta que se someta a votación.

*Alcalde-Presidente:* Non hai outros fondos aos que acudir. Aínda que lle pese ten que tomar decisións que non lle satisfán. O aproveitamento de Porto do Molle aínda non está completado. Teoricamente o 50 por 100 era para abaratar o solo. Zona Franca non dá esa explicación polo momento. O novo edificio non parece que vaia satisfacer as necesidades dos empregados municipais. A pesar de estar en contra ten que facerlle frente aos compromisos adquiridos. Grazas ás xestións conseguiuse que Xunta e Deputación aportasen fondos para amoblar, pero aínda así había imprevistos aos que facerlle frente. E hai que pagar aínda que haxa reparos.

*Sr. González Pérez:* Ninguén se quedou co 50% do aproveitamento de Porto do Molle. O Alcalde debe asumir a súa responsabilidade como tal.

*Sr. Fernández Comesaña:* Tamén lle preocupa que non se saiba onde están os 5 millóns de euros. Deberíase remitir o asunto á Fiscalía e deixar o asunto sobre a mesa, tendo en conta o informe da Intervención.

*Alcalde-Presidente:* O que pasa co segundo 50% de Zona Franca está por aclarar por ela, para ver como está o cumprimento do convenio.



**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP e PSOE.
- Votos en contra: 1; do Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; do Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E COMUNICACIÓN**

A) Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de decembro de 2011 e o 30 de decembro de 2011, ambos incluídos.

B) En especial o pleno toma razón do seguinte Decreto do 22 de decembro de 2011, que se transcribe:

#### **MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBIERNO LOCAL**

**Expediente:** Organización Municipal  
**Número:** 2011/025S

Mediante Decreto do 17 de xuño de 2011, designáronse aos Concelleiros integrantes da Xunta de Goberno Local.

A Alcaldía, de conformidade coas atribucións que lle outorga o art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, **RESOLVE**:

**PRIMEIRO.** Cesar como membro da Xunta de Goberno Local á Concelleira D<sup>a</sup>. Rosa Rodríguez Rodríguez.

**SEGUNDO.** Nomear como membro da Xunta de Goberno Local á Concelleira D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto.

**TERCEIRO.** En consecuencia a Xunta de Goberno Local quedará integrada, ademais de polo Alcalde-Presidente, polos/as cinco Concelleiros/as que a continuación se indican:

- D. Ignacio Vilas González
- D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández

**CUARTO.-** A presente Resolución producirá efectos desde o día 01-01-2012 e darase conta dela ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, ás persoas interesadas. Tales modificacións publicaranse no boletín oficial da provincia, conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime

Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

C) Tamén se da conta de que a Consellería do Medio Rural, en relación co acordo plenario de 29-09-2011, indica que na proposta de ampliación da rede Natura 2000, actualmente en trámite, tívose en conta a proposta do Concello de Ampliación do LIC "A Ramallosa", que se tramita con algunas modificación sobre os límites propostos polo Concello.

## **II.2. ACEPTACIÓN DE CARGO CON DEDICACIÓN**

Aos efectos do disposto no art. 13.4. do Real Decreto 2568/1986, de 28 noviembre 1986 (ROF) púxose á disposición dos membros do Pleno a documentación na que consta a aceptación da dedicacións parcial, pola titular da Concellería Delegada de Promoción Empresarial, Emprego e Comercio, D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez.

## **II.3.- ROGOS E PREGUNTAS**

**1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:**

1.1. Como xa lle vimos pedindo dende o mes de xuño por escrito, e no pleno nos contestou de que xa era de xeito inmediato, que nos ían a facilitar os rexistros de entrada neste Concello e non o fixeron ata agora. Insistimos outra vez que canto antes nolos faciliten.

1.2. Nun Decreto de corrección de errores salariais solicitude de subvención cooperación 2011 mulleres vítimas de violencia doméstica, simplemente dicirlle que detectaron as concelleiras que non se pode por violencia doméstica, senón violencia de xénero, e que se é posible que o corrixe. A lei o que di é violencia de xénero. E se é posible, que no Decreto, que é un documento público, que se protexa a identidade.

1.3. Antes o Alcalde dixo que os Reis Magos non pisaron as dunas, agora que non hai nenos diante, dicirlle ao Alcalde que os Reis Magos non existen, pero se pode ser, nos próximos Reis Magos, cando baixen dos avións ou do que corresponda, que baixen vestidos, porque se estaban pondo as barbas diante dos nenos.

1.4. No Pleno anterior había representantes da Orquesta sinfónica e quedaron vostedes en ter unha reunión con eles para ver que se podía facer para solucionar o problema. ¿Tiveron a reunión?

**Sr. Alcalde-Presidente:** Este goberno ten iniciativa, á espera da iniciativa da oposición, porque no Pleno anterior me dixo vostede que ía a facer unha proposta para que a Orquestra municipal poida ter financiación, etc, e ademais a imos levar á Deputación. Lle podo garantir que está praticamente pechado o acordo con esa asociación que por un lado se está dando de alta como asociación municipal no rexistro de este Concello. Lugar de ensaio que nos solicitaban, lle propuxemos un día a unhas horas a utilización



dos locais de Balinfra en Camos, que agora o utilizan a escola de música. Nos dixeron que non, que estaban utilizando o centro cultural de Camos e que estaban contentos. O apoio económico a esa asociación, se vai a integrar, ao igual que o resto de asociacións e colectivos culturais, dentro da liña de subvencións que vai a sacar este goberno para que todos os colectivos culturais poidan ter o respaldo que consideremos por parte deste goberno. A cesión dos instrumentos, chegamos a un acordo a través da sinatura dun convenio e dunha contratación pola súa parte dun seguro de responsabilidade civil, para utilización de diversos instrumentos. A promoción cultural da súa orquestra, ao igual que o resto dos colectivos, se lle vai a dar a mesma promoción que ao resto de colectivos culturais, sociais e deportivos. A falta de asinar este convenio, hai moitas posibilidades de que este asunto se resolva.

*Sr. González Pérez: ¿Tiveron a reunión coa orquestra?*

*Sr. Alcalde-Presidente: A reunión non. Tivemos conversacións a través de correos electrónicos. Se resolveu o tema sen necesidade de xuntanza.*

1.5. Fai tres ou catro anos, cando estábamos no goberno, ampliamos as horas das actividades de terceira idade e as do pavillón, e por iso se lle subiu un pouquiño a cota que estaban pagando. Vostedes fixeron oposición naquel momento, e agora vostedes non só recortaron horas, senón que subiron un montón as cotas. Hai un descontento entre os usuarios desas actividades, sobre todo porque din que si fai catro anos estaba o PP protestando con eles porque lles subían uns céntimos, agora que nos soben cincuenta mil céntimos non pode ser así. ¿Ante eses escritos que están presentando os maiores van a facer algo?

*Sr. Alcalde-Presidente: Contestáronse os escritos presentados. Ás tres actividades que presentaron as sinaturas para que se mantiveran os días, a frecuencia, etc, explicouse a difícil decisión de manter os prezos e reestruturar os horarios desas actividades. Iso foi porque a contratación dos monitores supuña un custe, os ingresos que xeraba a actividade non cubría, e nalgúns casos tiñamos que pór algúns céntimos por enriba, que nalgúns anos superou os 60.000 euros, incluso outros 80.000 euros a maiores do que custa a actividade, e que neste momento Concello non pode soportar. A solución era tomar unha decisión de organizar as actividades en función do que se ingresaba, e se se tiña que pór algo, que fora asumible, como se está facendo agora, ou cortar as actividades. O que se quere é manter a actividade, pero neste momento non podemos dispor duns cartos que antes, como todo ía ben, se podían gastar. Hai que tomar decisións de xestión dentro dun goberno, e iso nos implica ter que reorganizar actividades. Esperemos que no futuro as cuestións económicas vaian mellor.*

*Sra. Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: As actividades dos maiores que se realizan no centro da terceira idade da Ramallosa non variaron para nada o custe, seguen igual que o ano pasado coas mesmas clases.*

1.6. Con respecto ao anuncio da licitación dunha nave e terreo anexo para o almacén de Vias e Obras con 24 horas de prazo para presentar ofertas, planos, etc, cando o mirei pensei que non podía estar feito a propósito, que era un erro. ¿Xa saben o sitio, xa teñen a empresa apalabrada, onde se vai facer o almacén municipal?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Isto é un concurso público, é un anuncio para que haxa as ofertas. As condicións que se establecen son as que consideramos nos máis vantaxosas para este concello, para aglutinar servizos, espazos, e sobre todo para aforrar cartos.

*Sr. González Pérez:* ¿Como vai aforrar cartos?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O previsto é que o custe desta nave saia en 42.000 euros anuais. Temos un baixo na Ramallosa polo que pagamos 18.408 euros anuais. Temos unha finca nas Baleazas, que se utiliza como vertedoiro, de 12.546,18 euros anuais. Temos un edificio con urbanismo que pagamos 7.504 euros anuais. Temos un local para motos, sen contrato, polo que se pagaba 8.424 euros anuais. E temos o aluguer dun coche que utilizaba o enxeñeiro que anulamos. Anulamos todos estes contratos que supuñan ao Concello de Nigrán 53.254,18 euros en alugueros e vamos a ter un por 42.000 euros ao ano. Tendo unha ubicación concreta, tendo un servizo moito mellor, tendo uns servizos en condición para gardar unha maquinaria que hoxe está tirada e sen utilizar porque está estropeada, e tamén imos a utilizar esta nave para meter motos que están nun local que se paga trimestralmente 2.106 euros sen contrato. Será unha nave para ubicar todo nun mesmo sitio e aforrar algo máis de 11.000 euros ao ano.

2.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:*

2.1. Fixen unha pregunta por escrito, para que poida ser contestada con fundamento, que dicía que o 11 de xaneiro se publicaron diversas convocatorias de axudas e subvencións, principalmente en materia de igualdade e de traballo. En materia de igualdade o programa de apoio ao CIM; subvencións tamén destinadas a dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e axudas para o programa de fomento da conciliación. En materia de traballo subvencións para información, orientación e busca de emprego. Dado o evidente interese destas convocatorias preguntaba se o goberno municipal ten previsto participar en en cales.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agradece a forma de que se presentara por escrito con antelación.

*Sra. Pino Fernández, concelleira delegada:* No programa do Centro de Información ás Mulleres, aí vai o soldo e a seguridade social do persoal do CIM. No programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes van dúas partes, unha un obradoiro de educación afectivo-sexual que vai aos institutos e o Colexio Público de Panxón, e logo vai unha campaña publicitaria contra a violencia de xénero. No programa de fomento da conciliación vai ir o campamento de verán.

*Sra. Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada:* Para a contratación da Orientadora laboral: xa se mandou a documentación o día 23 de xaneiro.

2.2. Con respecto ao tema dos 35 concellos, entre os que se atopa Nigrán, que por non presentar as contas en prazo non podían optar ás subvencións, a pregunta é en que momento está, se están presentadas, se non corren perigo as subvencións, etc.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Telematicamente xa se presentaron en tempo e recentemente



en papel. A conta está enviada e non hai ningún tipo de risco. Para optar a calquera subvención a partir de agora o que hai que facer é certificar por parte deste Concello que xa se presentaron as contas.

**3.- D. Antonio Fernández Comesña do grupo mixto:**

3.1. En Camos, onde o ximnasio, se foron depositando restos de escombro e ultimamente se está utilizando praticamente como vertedoiro. Que se trate de controlar isto.

3.2. Un alumeadoo que existe na Estrada Val Miñor, nas actuacións urbanísticas que se levaron a cabo, unha onde era antes o edificio Leto, o alumeadoo non funciona; e tampouco fronte a Alfaya. Que se poñan en funcionamento.

3.3. ¿Funciona o Portelo único coa Xunta de Galicia?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Aínda non. Estamos adscritos a ese convenio coa Xunta pero de momento non está funcionando.

3.4. ¿Houbo avances no tema do Deslinde con Gondomar?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que aclaramos foi cal é a nosa proposta, plantexada polo Secretario, e despois falada cos veciños e coas asociacións que historicamente teñen coñecemento da cal é o deslinde. Creemos que non só temos claro o deslinde que temos que defender, senón que temos documentación máis que de sobra para defendelo, e agora estamos pendentes de entablar as negociacións con Gondomar. Esta proposta xa se lle enviou á empresa redactora do Plan Xeral.

3.5. Os veciños de Nigrán non poden compulsar documentos, teñen que ir a Baiona ou a Gondomar. Vostede dixo que o iba a solucionar, quería saber si xa está solucionado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se compulsan documentos que se incorporan a expedientes desta administración. O outro, estamos falando co Secretario para polo en marcha. Os trámites administrativos que temos que igualarnos ao outros concellos trataremos de polos en marcha en canto esteamos asentados. Agora hai que facer unha reestruturación física neste edificio e trataremos de acomodar os espazos e os funcionarios e empezar a integrar estes procesos. Hai unha normativa clara, hai que asumila, e intentar implantala.

3.6. ¿Xa teñen preparado o prego para sacar a concurso a Cafetería das instalacións deportivas?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que se contratou, e creo que xa se termina esta semana, é a impermeabilización do tellado. O prego está praticamente pechado. Hai cuestións de licencias que están retrasando un pouco pero que temos que ter para desenvolver a actividade. O que imos a integrar nese prego é a obligatoriedade, incluso dentro do canon, que a persoa ou empresa que queira explotar esa instalación teña que afrontar a rehabilitación do espacio interior, baños, etc. Feito o proxecto, está aproximadamente en 55.000 euros o que é a reforma do interior, os baños e a accesibilidade. O que máis

nos está retrasando é a licencia de actividade. O prazo que se baralla de explotación é de dous anos e medio ou tres anos.

*Sr. García Pazos, concelleiro delegado:* O proxecto ten o informe técnico e o informe xurídico, pero falta a autorización da Subdelegación do Goberno.

*Sr. Fernández Comesaña:* Unha cousa é a explotación da cafeteria e outra o uso dos baños para a xente que practica deporte, que era a esencia de cando se crearon esas instalacións deportivas. Se hai algún problema que pode demorar a explotación dunha actividade, ao mellor hai que buscar unha solución para que os baños poidan ser utilizados pola xente que practica deporte.

3.7. Se levantaron as bandas sonoras nunha rúa ou dúas, pero quedaron restos sen levantar, quería saber cando o van a facer, porque, á parte de ser ilegais, supoñen un serio perigo para os cidadáns.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos levantando aquellas que se nos informa de que non hai ningún tipo de perigo engadido. A nosa intención era ir substituíndoas, sobre todo aquellas que están en pasos de peóns, por pasos elevados. A medida de que vaimos sacando recursos para facer esos pasos as iremos sacando. Nas próximas semanas intentaremos ir levantando algunha máis das que certamente son alegais e que están xerando máis prexuízos que beneficios.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.